# FALADOIRO.

ANO: VI NÚMERO: IX

DÍA DAS LETRAS GALEGAS




1995

COLEXIO PÚBLICO TORRE-CELA DE BUEU (PONTEVEDRA)

# RAFAEL DIESTE



Rafael Dieste.

Naceu en Rianxo(A Coruña)No 29 de eneiro de I899,inclinase tempranamente as letras e a filosofia,feito que,unido as suas preocupacions de índole ética,religiosa, e estetica, habrá de imprimir o carácter o conxunto da sua obra.Viaxa a Mexico na sua adolestencia e invirte dous anos da campaña de Marrocos.No seu regreso, exerce o periodismo en Vigo,e xefe nas misions Pedagoxicas e creador-director del teatro Guiñol de Misiones.
Pensionado pola Xunta de Amplificacion de Estudios(I935),estudia problemas do teatro(literarios e escénicos)en Francia e Bélgica.Suscita e funda,con Sánchez Barbudo e Gil Albert(I937),a revista HORA DE ESPAÑA e,posteriormente,en Bos Aires,dirixe o departamento editorial de Atlántida.Lector da lengua e Literatura Españolas na Universidad De Cambridge (I950-I952)e profesor de ambas disciplinas no instituto Tecnológico de Monterrey(México).O regresar a España, onde reside actualmente(I978),co principal asiento no seu pobo natal de Rianxo. Pubicó,no castelan,VIAXE E FIN DE DON FRONTÁN(Vilargarcia, I930),trajedia;QUEBRANTO DE DOÑA LUPARIA E OUTRAS FARSAS;VERMELLO FAROL AMANTE(Bos Aires,I940),versos;A VELLA PEL DO MUNDO;sobre o orixen da traxedia e a figura da historia;O AMANECER E NOBO RETABLO DAS MARABILLAS.No terreo da discusión estética,definen moi especialmente a actitude do autor COLMEIRO,monografia,e pintura ensimismada e fora de si,que completa o libro de Eduardo Dieste INTRODUCCIÓN A UNHA LÓXICA DO ARTE.Na lengua galega e autor de dous arquivos do trasno(vigo,I926),cuentos;A fiestra valdeira(Santiago, I927),comedia;e A VONTADE DE ESTILO NA FAIA POPULAR; discurso do ingreso na Real Academia Gallega(I970).
A FIESTRA VALDEIRA considerase como unha obra maestra no seu xenero, o igual que ocurre con HISTORIAS E INVENCIONS DE FÉLIX MURIEL,cuya segunda edición(I974)constituyó un importante acontecemento literario e mereceu elogiosos juicios de dibersas personalidades da crítica española.O seu teatro da guerra O AMANECER E NOBO RETABLO DAS MARABILLAS foi vertido a varios idiomas e ocupa un posto destacado entre as pezas publicadas durante a guerra Civil na zona republicana,o lado das obras de Miguel Hernández ou Rafael Alberti.Durante o curso da contienda civil,dirixeu tamen a publicacion NOVA GALIZA;de Barcelona e ademais de confundador de HORA DE ESPAÑA,xa citada,foi director de EL MONO AZUL e O BUQUE AMARELO. A sua obra en galego A FIESTRA VALDEIRA veu a renovar o teatro do pais e se estima como unha das produccions mais importantes do xenero en Galicia.Entre os galegos e non galegos que enjuiciaron a obra de Rafael Dieste, citanse:Octavio Paz,Marra López,Esther de Cáceres,etc.
Pronuncia numerosas conferencias en galego e castelan e foi animador da nova pintura galega a través de monografias,articulos e presentacion de catalogos.(L.S.).

# CONCURSO DE REDACCION E DEBUXO - DANZADEIRA

## relacion de premiados

Coma tódolos anos, a Agociación Cultural DANZADEIRA DE Cela organizou o concurso de redacción e debuxo para a cómmemoración do Día das Letras Galegas.

Entre os moitos traballos presentados polos escolares resultaron premiados os seguintes:

### CONCURSO DE DEBUXO

E. INFANTIL (4 anos)...... ARANTXA NOVAS ENTENZA

E. INFANTIL (5 anos)...... MARTA GARCIA FREIRE

PRIMEIRO CURSO............ VICTOR GOMEZ GALLEGO

SEGUNDO CURSO ........... HUGO CARBALLO RODAS

### CONCURSO DE REDACCION

TERCEIRO CURSO........... Mª ANGELES VAZQUEZ CRUJEIRAS

CUARTO CURSO ........... DIEGO CORTIZO GARCIA

QUINTO CURSO ........... ANA ISABEL TENORIO SOLLA

SEXTO CURSO ........... ROSARIO LOBEIRA LOBEIRA

SEPTIMO CURSO ........... RUBEN BASTON MEIRA

OCTAVO CURSO ........... CELSA GONZALEZ OGANDO

Tódolos premiados recolleron o seu premio nun acto celebrado no Campo da Festa de Cela, no que ademáis houbo unha exposición de libros, dos debuxos premiados, lectura das redaccións premiadas e moitos xogos para os nenos.

Ata o ano que ven.


ARANTXA NOVAS


MARTA GARCIÁ


La ciudad Sin Nadie



# a árbore máxica

Érase unha vez unha árbore que facía maxia. Se era inverno para ela era verán; en primavera era outono para ela. A árbore dixo:

-Quen me dera ser persoa e non ser árbore.

... Despois dun mes pasaron nenos e nenas, e un que era máis pequeno que os demais díxolle:



-¿Qué lle pasa señora árbore? - Díxolle Saúl.

E a árbore respondeulles:

- E que quería ser persoa e non podo.

Saúl díxolle:

-¿Cómo te chamas?

E a árbore respondeulle:

- A árbore máxica.

Saúl pensou, pensou pero pensou, ata que dixo:

- Se eres árbore máxica dí túas palabras máxicas.

E dixo as súas palabras máxicas e xa se convertiu en persoa.

ANGELES VAZQUEZ CRUJEIRAS

TERCEIRO CURSO

# MEU POBO

A xente do meu pobo e tranquila e simpática. Pola mañá, cando sae o sol e canta o galo, tódolos rapaces nos levantamos e imos á escola. O noso pobo queda triste sen nós.

No colexio facemos torneos de xadrez, onde ó rematar dan medallas ós primeiros, segundos e terceiros gañadores.

Na igrexa, un sonrinte crego, o Sr. "Don Víctor", tódolos sábados e domingos conta cousas sobre Xesús. É o que máis lle gosta facer.



"Chans", un monte de Cela, atópase no "Cabo de arriba", no monte chove moito e ás veces ten nevado, cousa que aquí poucas veces ocorre.

A terra é cousa dos labregos e os labregos din:

-Se chove porque chove, se venta porque venta, se neva porque neva e se fai sol, pois porque fai sol, e ó final saen os mellores repolos.

Tódolos campesiños teñen un pequeno anaco de terreo, preto ou alonxando da súa casa.

A xente do pobo será humilde pero é a mellor xente que tódolos campesiños coñecemos. Así é o meu pobo: humilde, inda que feliz.



DIEGO CORTIZO GARCIA
CUARTO CURSO

# Clara a valente

Nun pobo chamado Pitón vivía unha nena que lle chamaban Clara. Era unha nena de oito anos, rubia de larga melena, ollos marróns e grandes, cara regordota, alta e valente.

Clara vivía nunha granxa coa súa nai Lidia e o seu pai Xoan.

Un día cando a nai de Clara estaba facendo a comida chegou Clara e con cara de pilla díxolle que quería ter un irmán. O cabo de dous anos Clara tivo un irmán que lle chamaron Antón. CLara estaba moi contenta porque tivera un irmán pero cando o seu pai lle dixo que nacera coxo, Clara botouse a chorar.




Cando Antón e a nai chegaron do hospital Clara víu que o seu irmán tiña unha perna máis corta ca outra. A nena pensou para sí mesma que si ganase alguns cartos podería curar o seu irmán. O primeiro que fixo a nena foi preguntarlle á súa nai se o seu irmán se podía curar; a nai díxolle que sí, pero que facian falta moitos cartos. Como Clara tiña unha voz moi bonita, foise para o balcón da súa casa e impezou a cantar.

A xente sentíuse atraida por esa voz e foron cara a casa de Clara para ver quen cantaba. Cando Clara terminou de cantar a xente aplaudiulle moito e botáronlle moitos cartos.

A nena seguíu cantando e bailando durante algúns anos.

Cando Clara xa xuntara os cartos a súa nai e o seu pai levaron a seu irmán a Estados Unidos para curalo.

O cabo de dous meses o irmán xa estaba curado e Clara foi moi feliz.

ANA ISABEL TENORIO SOLLA - QUINTO B



# EN BUSCA DA LIBERDADE

Conta a lenda que xa fai moitísimos anos, ainda cando había moitas baleas nos océanos, un barco chamado "Scàlon" foi facer unha viaxe ó Polo Sur coa idea de tomar algunha información sobre a vida naquel lugar tan frío.

Partíu do porto de Vigo ás sete trinta horas da mañá e prendeu a viaxe, era unha mañá moi fría, pero eles non lle tiñan medo ó mal tempo, xa estaban afeitos.

Levóulle uns días chegar alá, pero por fin xa se miraban os cumios de xeo das grandes montañas nevadas do Polo Sur. Os homes




do buque "Scalon" estaban algo cansos da viaxe e saltaron do barco para dar unha volta, alí respirábase unha grande calma, había focas, pingüinos, osos brancos ...

De súpeto óese un ruído tremendo dun motor e os homes do buque agacháronse detrás dun iglú, o ruído pertencía a un barco

baleeiro armados duns arpóns grandísimos dispostos a matar. Estiveron un pouco tempo agachados e cando o barco desapareceu saíron. Non podían crer o que viran, un barco que andaba na procura de baleas para asasinalas e, sen pensalo dúas veces, decidiron seguilo barco asasino a ver a onde ía.

Cando se foron achegando pararon os motores para non seren vistos, apareceu de socato unha gran balea por diante do barco asasino, este foi detrás dela e lanzóulle o arpón: a balea quedou ferida, lanzando uns tremendos berros de dor, e nese mesmo intre apareceu unha balea idéntica, pero desta vez un macho e o ve-la balea ferida púxose coma un tolo, comenzou a erguerse unha tremenda maruxía, tanto que, os mariñeiros do "Scalon" estiveron a piques de dar volta, pero por sorte non foi así. Nembargantes o outro barco sí volcou morrendo tódolos seus ocupantes.



Os mariñeiros do "Scalon" quedaron abraiados mirando aquel espectáculo: a balea macho arriscou a súa vida para salvar a da súa compañeira, que aínda que ferida logrou repoñerse. Os mariñeiros voltaron a España contando a súa historia que pasaba de xeración en xeración, pero aquela imaxe que quedou gravada na mente dos mariñeiros non servíu de exempro para os demáis barcos asasinos que ainda hoxe en día matan a eses pobres animais en perigo de extinción que un día desaparecerán.

CHARI LOBEIRA LOBEIRA

SEXTO A

# DESCUBRIMENTO DE AMERICA

Sempre estiven seguro de que eu, era un descendente de Cristovo Colón; pois dende pequeno tivera uns extraños sonos nos que ..., ben, logo volo contarei.

Cada noite, tiña unha parte dunha historia que continuaba noite tras noite.

Recordo, do meu primeiro soño, que un home - do que posteriormente descubriría que era meu pai - chamábame dende o alto dun mastro.

Eu tiña doce anos e estaba nun barco que cruzaba o Mediterráneo. O que non me gustou, foi que non era un cruceiro, senón un barco de comercio, no que soamente era un mariñeiro.




Uns soños máis tarde estaba en Lisboa. Xa tiña 28 anos, estaba enterrado nunha chea de mapas e libros de viaxe e, nesa mesma cidade, vía rexeitada unha proposta ó rei de Portugal.

A raíz diso, poucos anos despois marcho para España, lugar no que non me reciben moi ben. Expúxenlles a mesma proposta ós reis españois que, co desacordo do rei Fernando, aceptaría a raíña Isabel.

Aí foi onde me dei de conta: era Cristovo Colón, o descubridor de América.

Púxenme en marcha, busquei información sobre dito descubrimento e a vida de Colón. Dende ese momento, coñecía os meus soños;

era como unha película antiga, verdadeiramente antiga.

Entón decidínme: ía cambiar a historia. Fun esperando os momentos dos soños que, polo que eu sabía, ían traerme consecuencias negativas. Por exemplo:

- O longo da viaxe non fun tan egoista, e dinlles un groliño máis de ron ós mariñeiros para que non se amotinaran.

- Non fun tan mal gobernante nas miñas terras de América, co que conseguín uns anos máis de poder, os que aproveitei moito.

- Así Cristovo Colón viveu dez anos máis e foi, ata a sua morte, un home respectado.

Mala sorte foi que, a Historia, soamente cambiou nos meus soños.

RUBEN BASTON MEIRA
SEPTIMO A



# O MEU MUNDO



Toda-las persoas ven a parte negativa do mundo; as guerras, as drogas, as infermidades, a contaminación, etc. Non queren que teñamos problemas.

Eu vexo o que eles ven, pero penso en solucións para todo iso. Penso nas cousas boas como os animais, os xogos, etc.

Se hai contaminación penso que a xente debería coidar de que non empeorase. Hai que coidar dos animais,das plantas e facer todo o que sexa necesario para coidar o Medio Ambiente.

Canco sexa maior, marcharei para unha illa deserta, onde non haxa drogas, guerras, nin todas esas cousas. Será unha illa con toda clase de animais e prantas. Levarei o meu can e a miña axenda, nela escribirei como sería o mundo sen guerras para que a xente sexa máis pacífica. Como é todo sen drogas para que ninguén se meta nelas. Así será o mundo que sempre quixen.

Ainda que todo isto non sexa posible é igual.

Cando unha persoa diga que hai moitas guerras, ti recórdalle toda-las cousas boas que tamén hai, así cambeará de humor.

Así a xente será máis positiva.

Polo momento eu terei que agardar a que todo isto suceda.

CELSA GONZALEZ OGANDO

OITAVO A


O VELLO QUE QUERIA VE-LO TREN




CARMEN GOMEZ

3º






ORIXINALES E PATENTADOS

¡Sr. Xan,¿qué fai colgado dun pé?!
-Quero suicidarme.
-Pra suicidarse colguese pola cabeza.
- Si, xa o intentei pro afogabame.



OS MOZOS DA ALDEA VAN PRA CIDADE, PRA VIR O CAMPO DE MERENDA.

Preguntan por teléfono:
-¿Cómo está Lola?
- Con corenta na cama.
- Digalle si cabe solo un mais.




O Galego
é a nosa
lingua.
mate a